



***A participación desbordou tódalas expectativas
na 1ª edición dos Encontros pola Caza***



O acto inaugural correu a cargo do Presidente da Federación Galega, José María Gómez, e do Director Xeral de Conservación, José Benito Reza.

Baixo o lema “Bases para unha caza social na Galicia do século XXI”, desenvolvíase o pasado 21 de abril a primeira edición dos “*Encontros pola Caza*”, iniciativa promovida pola Federación Galega de Caza que pretende marca-las pautas das futuras actuacións federativas en materia cinexética.

O *Salón Río Sar*, do *Hotel Congreso*, quedábase pequeno para acoller aos máis de 400 representantes de sociedades de caza de toda a Comunidade.

O “*I Encontro*” dividíase en catro bloques “As incidencias dos Incendios Forestais en Galicia”, “Os danos producidos pola Caza”, “A situación da Caza Menor”, e “Os cazadores ante as posturas anticaza”; e foron necesarias máis de 5 horas de intenso debate para aborda-los mesmos e chegar ás conclusións finais; horas –a dicir de moitos- demasiado curtas ante o ameno da xuntanza.





Satisfacción absoluta entre os asistentes que felicitaban reiteradamente á organización por este foro-debate no que cadaquén expuxo a súa opinión nos diferentes temas tratados, que a dicir dos presentes servirá como punto de encontro para coñecer de primeiramán os problemas e inqueданzas que afectan ao sector cinexético. Encontro no que se acordaron importantes conclusións que nos vindeiros días serán trasladadas á Administración (*no próximo número de Caza Galega serán publicadas estas conclusións*).

Os “*Encontros pola Caza*” pretenden celebrarse varias veces ao ano. O seu obxectivo será debate-los “*grandes*” temas que afectan actualmente ou poidan incidir no futuro desta actividade.



Gabinete de Comunicación
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com



ENCONTROS POLA CAZA

Bases para unha caza social na Galicia do século XXI

CONCLUSIÓNS

1. INCIDENCIA DOS INCENDIOS FORESTAIS NA ACTIVIDADE CINEXÉTICA EN GALICIA.

1. Manifesta-la rotunda repulsa dos cazadores galegos aos incendios e incendiarios, aos que deberá perseguirse con tódolos medios, e aos que deberá aplicárselle-la Lei co máximo rigor.
2. Dende o máximo respecto as leis e normas, manifesta-la firme oposición dos cazadores galegos aos artigos 31, 32 e 44 da vixente Lei 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais.

As medidas prohibitivas que recolle a Lei con respecto á actividade cinexética non aportarán nada á prevención nin á loita contra os incendios, privándose ao colectivo de cazadores dos seus lexítimos dereitos, e á colaboración que estes veñen realizando cos agricultores na loita contra os danos producidos por especies como o xabaril, entroutras, especialmente nos meses de agosto e setembro, época na que os danos son moito máis cuantiosos.

O colectivo de cazadores considera excesiva a prohibición da caza durante un máximo de tres anos, enténdese que sería máis razoable a prohibición durante un ano e que puidera chegar ata tres cando o hábitat non se recuperase pero en función de informes técnicos da propia Administración.

3. Os cazadores acordaron propoñer que durante a práctica do deporte cinexético, poderían actuar como un grupo voluntario de vixilancia na prevención e defensa contra os incendios, que de feito xa se estivo a realizar nos últimos anos.
4. Buscar posturas comúns con outros sectores prexudicados polos incendios (gandeiros, agricultores, produtores forestais, silvicultores, etc) para a defensa do medio.
5. Acordouse trasladar á Administración a conveniencia de que as competencias que afecten ao sector cinexético dependan dunha única Consellería.

2. DANOS PRODUCIDOS POLA CAZA.

ACCIDENTES:

1. Instar á Administración competente, para que os titulares das vías públicas cercadas teñan os valados nas condicións axeitadas. Solicitar á Administración a correcta sinalización de tódalas vías públicas no referente á fauna, sinalizando especialmente os puntos negros.
2. Trasladar aos órganos correspondentes que a documentación que forme parte dos expedientes dos accidentes conte con tódalas probas necesarias para que a Administración de Xustiza conte coa máxima información á hora de aplica-la lei.
3. Pedi-la modificación da Lei do Seguro, para que se homologue conforme ao resto de Europa, de xeito que o seguro de automóbiles cubra os accidentes producidos por especies cinexéticas.
4. Solicitar ás Comandancias da Garda Civil que extremen, na medida do posible, a toma de cantos datos poidan aclara-lo sinistro, no levantamento dos atestados.
5. Solicitar á Administración correspondente, a inclusión de pasos de fauna nas infraestructuras xa existentes e nas futuras.

CULTIVOS:

1. Intentar buscar formulas para reparti-la responsabilidade dos danos entre tódalas partes afectadas (Administración, Cazadores, Agricultores, etc), pois son os propios cazadores os “mitigadores” do dano non os “aceleradores”.
2. Solicitar á Administración que se indemnice a tódolos agricultores ben sexan ou non a título principal, aínda que non sexa nas mesmas cuantías.
3. Solicitar aos órganos competentes, que se notifique ao responsable do tecor a data da valoración do dano para que poida personarse si así o estima.
4. Solicitar que se destinen aos agricultores maiores subvencións para a prevención de danos.

3. SITUACIÓN DA CAZA MENOR.

1. Non realizar soltas masivas de coello.
2. Realizar unha boa xestión para repoboacións de coello mediante a cría en semiliberdade, con coello de calidade, e soltas controladas, mediante a aplicación do protocolo de solta.
3. A vacina debe servir como instrumento para a recuperación do coello.
4. Establecer unha gardería de calidade, non so de vixilancia, que colabore coas sociedades de cazadores.
5. Solicitar ordes de axudas máis flexibles en función das diferentes situacións (zoas de montaña, chairas, etc) e simplifica-la documentación.
6. Estudiar e establecer modelos para a recuperación da perdiz, igual que se fixo co coello.

4. OS CAZADORES ANTE AS POSTURAS ANTI-CAZA.

1. Traslada-lo discurso do cazador, conservacionista do mundo rural, á sociedade.
2. Os cazadores deben facer autocrítica sobre comportamentos de determinados “escopeteiros” que con determinadas actitudes persoais poidan molestar aos non cazadores (fotos con sangue, exhibición de capturas en lugares públicos, etc).
3. Os tempos son chegados para tomar outras medidas se fora necesario. Os cazadores rexeitan ataques directos ou ocultos á caza con mentiras ou intereses pouco confesables. O noso respecto e comprensión a aquelas persoas que non entenden a caza.
4. Demostrar á sociedade o “orgullo” de ser cazadores con valores conservacionistas.